



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2022/13447. Aprobación bases XVI Premio “Raíña Lupa” de literatura infantil e xuvenil

XVI Premio “Raíña Lupa” de literatura infantil e xuvenil

Coa vontade de fomentar a creatividade literaria dirixida ao mundo dos máis pequenos e de facer memoria desta personaxe de lenda vinculada ás terras de Compostela convócase o XVI Premio “Raíña Lupa” de literatura infantil e xuvenil, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que non fosen premiadas nos cinco anos anteriores a este e que presenten narracións en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil.

As obras deberán ser inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se producira, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Segunda

Establécese un premio dotado con 6.500 €, figurando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan de aplicación.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

A Deputación publicará a/s obra/s premiada/s, directamente ou a través doutra editorial, reservándose durante un prazo de dezoito meses, que se contarán dende a data da concesión do premio, os dereitos de editala/s. Ademais entregará á persoa/s gañadora/s trinta exemplares.

Terceira

As obras serán de tema e extensión libres, observando as características propias da narrativa dirixida ao público infantil ou xuvenil, poderán incluír elementos ilustrativos, gráficos, etc., e deberán cumprir as seguintes especificacións: folio formato DIN A4, texto mecanografiado polas dúas caras, a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12 e deberá estar paxinado. En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra.

A presentación realizarase, preferentemente, en formato dixital, por medio dun USB/CD que incluírá na portada a seguinte inscrición: XVI Premio “Raíña Lupa”, de literatura infantil e xuvenil, título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto será Word, OpenOffice ou PDF.

No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais serán enviados por duplicado, en exemplares separados, grampados ou encadernados.

A obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que a obra será enviada achegada dun sobre á parte; no exterior do sobre figurará o título da obra e o lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora; no interior incluírase a documentación seguinte:

- Copia do NIF
- Enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.
- Breve currículo.
- Declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.
- Declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.
- Escrito de cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de dezaioito meses desde a data de concesión do premio
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVI Premio “Raíña Lupa”, de literatura infantil e xuvenil, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Cuarta

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

Os orixinais serán enviados, a portes pagados, á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre XVI Premio “Raíña Lupa”, de literatura infantil e xuvenil.

Quinta

Para a lectura da totalidade das obras presentadas, será nomeada unha comisión lectora, que estará composta por persoas expertas no campo da literatura infantil e xuvenil en lingua galega; estas persoas valorarán (de 0 a 10 puntos) as obras presentadas e farán un informe xustificativo da súa valoración.

Pasarán á consideración do xurado un máximo de 10 obras tras un proceso de catro fases en base ás valoracións da comisión lectora:

- Pasa a selección final a obra máis valorada por cada unha das persoas da comisión.
- Dese grupo coas obras máis valoradas, pasarán aquelas obras que teñan un mínimo de 7 puntos de media por parte das dúas persoas da comisión lectora que a analizaron.
- De entre as que cumpran este criterio, escóllense unicamente as obras que tivesen unha puntuación mínima de 7 puntos por parte das dúas persoas da comisión que a leron.
- Se o número de obras resultantes é superior a 10, escollerase de entre este grupo as 10 obras con puntuación media máis alta.

A relación das obras seleccionadas será dada a coñecer a través da páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal.

Sexta

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura infantil e xuvenil, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sétima

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O fallo do xurado será inapelable. Terá lugar no segundo semestre de 2022 e será dado a coñecer a través da páxina web da Deputación; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Se hai finalista, a plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se a persoa autora o permite, poida darse a coñecer o seu nome.

Oitava

Non se devolverán os orixinais non premiados que, a partir do día seguinte á decisión do xurado, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Novena

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadoprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 17 de marzo de 2022.

O presidente

A secretaria

Valentín González Formoso

Amparo C. Taboada Gil

2022/1407